

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA, O CONCELLO DE LUGO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A. PARA A CELEBRACIÓN DA XXIV EDICIÓN DO ARDE LUCUS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Lugo e con Abanca Corporación Bancaria S.A o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

Que esta addenda ten por obxecto modificar a cláusula segunda do convenio e o ANEXO I.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O día 18 de xuño de 2025 asinou se un convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia, o Concello de Lugo e ABANCA Corporación Bancaria, S.A., cuxo obxecto é establecer o marco de colaboración para o apoio á celebración da XXIV edición do Arde Lucus.

Segundo.- Na cláusula terceira dispónse que se considerarán subvencionables os gastos que se realicen a partir do 1 de xaneiro de 2025.

Así mesmo, na cláusula sétima establécese que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do Concello remata o 30 de outubro de 2025.

Terceiro.- O 9 de outubro de 2025 o Concello de Lugo solicita unha modificación do Anexo I do convenio (Orzamento), indicando que aínda que os conceptos que figuran no Anexo I do convenio se realizaron en tempo e forma, o concepto "Infraestrutura eléctrica" non é posible a súa xustificación en prazo, polo que, aos efectos de non demorar a xustificación do dito convenio e cumprir coas obrigas impostas ó Concello, se solicita a modificación do dito Anexo I.



Asemade a dita solicitude leva aparellada a modificación do cláusula segunda do convenio, xa que tamén se modifica o seu orzamento estimado.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Antonio Casas Calviño

